



ACORDO COA XUNTA DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS SOBRE MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN DE TRABALLO DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E DO ACORDO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA MODALIDADE DE TELETRABALLO

Segundo o artigo 153 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, serán obxecto de negociación, entre outras materias, as referidas ao calendario laboral, horarios, xornadas, vacacións, permisos e licencias, á mobilidade funcional e xeográfica, así como os criterios xerais sobre a planificación estratéxica dos recursos humanos, naqueles aspectos que afecten ás condicións de traballo dos empregados/as públicos.

As condicións deste acordo deberán recollerse na Instrución que regula a xornada o horario de traballo, as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do persoal de administración e servizos, no prazo dun mes desde a sinatura do mesmo.

1) Xornada

XORNADA XERAL	35 horas semanais		
HORARIO DE VERÁN Eliminarase a xornada partida	XUÑO e SETEMBRO	Xornada de 30 horas semanais	Xornada de 35 horas semanais para aquelas persoas que non presten servizo, durante o peche de centros con prestación de servizo.
	XULLO	Xornada de 30 horas semanais	
	AGOSTO	Xornada de 25 horas semanais	
XORNADA REDUCIDA	-NADAL -LUNS DE ENTROIDO -SEMANA SANTA	Xornada de 25 horas semanais	

Código Seguro De Verificación	55NQn2mbdrThQyQ4H782YQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	07/11/2022 14:06:06
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/55NQn2mbdrThQyQ4H782YQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





2) Xornadas especiais e peche de centros

PECHE DE CENTROS CON PRESTACIÓN DE SERVIZOS	-NADAL (do 24 de decembro ao 6 de xaneiro) -Un día na ponte da Constitución e Inmaculada, a concretar pola institución.
PECHE DE CENTROS CON CARGO A VACACIÓNS DO PERSOAL	Do 1 ao 14 de agosto ambos incluídos
PECHE DE CENTROS EN HORARIO DE TARDE	Do 15 ao 31 agosto ambos incluídos. As persoas que presten servizo en quenda de tarde ou en xornada partida prestarán os seus servizos en horario de mañá.

Os días de peche de centros con prestación de servizos serán laborables a todos os efectos para aquelas persoas que presten servizo, podendo gozar nese período dos seus días de asuntos propios ou vacacións se o servizo o permite.

Para as persoas que non presten servizo durante o peche de centros con prestación de servizo, desfrutarán dos días de peche sen cargo a vacacións ou asuntos propios, a cambio realizarán xornada de 35h semanais durante os meses de xuño e setembro.

O saldo de horas positivo ou negativo para o traballador compensarase ao longo do ano en función das necesidades do servizo.

3) Acordo de teletraballo

No prazo dun mes desde a aprobación do plan de aforro enerxético, modificarase o acordo de prestación de servizos na modalidade de teletraballo para adecualo ás necesidades de dito plan.

4) Entrada en vigor

O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da publicación da modificación da Instrución que regula a xornada o horario de traballo, as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do persoal de administración e servizos.

Asinado en A Coruña a 7 de novembro de 2022

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de dúas páxinas numeradas, foi asinado en representación da UDC por Julio E. Abalde Alonso, reitor, e en representación da Xunta de Persoal por José Antonio Bouzas Gómez (CSIF), Alicia M. Cantarero Roldán (CCOO), Susana Carballal Graña (UGT) e Rubén Romero Rozas (CIG), con data de 7 de novembro de 2022.

O SECRETARIO XERAL

Código Seguro De Verificación	55NQN2mbdrThQyQ4H782YQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	07/11/2022 14:06:06
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/55NQN2mbdrThQyQ4H782YQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

